DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Patrimonio e Contratación

Referencia: DP0045 / 2027
Expediente convocatoria: 2026000027984

RESOLUCIÓN POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DA PRESIDENCIA NÚMERO 49638 DE DATA 13 DE NOVEMBRO DE 2026 POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN ESPECIAL SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL PÚBLICO OU DE XESTIÓN MUNICIPAL (DP0045 / 2027)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

RESOLVO:

Modificar a resolución da Presidencia número 49638 de data 13 de novembro de 2026, pola que se avocó a competencia para a aprobación das bases reguladoras e a convocatoria do Programa de subvencións para realizar actuación de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal (DP004/2027), ao producirse un erro na data de inicio da prazo de apertura da convocatoria que figura no punto cuarto e no anexo-extracto da convocatoria no sentido de:

Onde di:

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase ás 08:00 horas do día 23 de novembro de 2026, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2027 tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Debe dicir:

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2027, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

E onde di:

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Segundo. Obxecto

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás horas do día , tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Segundo. Objeto

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las horas del día , toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se

realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Debe dicir:

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña.

Segundo. Obxecto

As axudas obxecto da presente convocatoria financian a realización de actuacións no patrimonio histórico-artístico cultural dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

A contía máxima da subvención non poderá superar os 150.000 € por actuación.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2027, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes de la provincia de A Coruña.

Segundo. Objeto

Las ayudas objeto de la presente convocatoria financian la realización de actuaciones en el patrimonio histórico-artístico cultural de los ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes de la provincia de A Coruña

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

La cuantía máxima de la subvención no podrá superar los 150.000 € por actuación.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de febrero de 2027, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

.

Polo tanto, o texto definitivo da Resolución será o seguinte:

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: “A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente”.

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal", e vistos os informes do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2027 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal, de conformidade coas bases reguladoras que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2027, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do

Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, publicación que se tramitará como urxente.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

De conformidade co establecido no artigo 40.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), infórmase de que a resolución anterior esgota a vía administrativa, de acordo co disposto no artigo 114.1) da LPACAP, polo que, en virtude do artigo 123 da referida norma, contra a presente resolución poderá interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que ditou o acto no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, tal e como tamén preceptúa o artigo 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso potestativo de reposición ou se produza a desestimación presunta deste.

Así mesmo, a persoa interesada poderá interpoñer directamente contra a presente resolución recurso contencioso-administrativo, previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia que corresponda, de conformidade co disposto na devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS A CONCELLOS PARA REALIZAR ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN ESPECIAL SOBRE O PATRIMONIO CULTURAL PÚBLICO OU DE XESTIÓN MUNICIPAL NO ANO 2027 (DP0045/2027)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Patrimonio y Contratación
Sección	Patrimonio
Anualidade	2027
Denominación	Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal
Beneficiarios	Os concellos da provincia da Coruña de menos de 50.000 habitantes
Programa	DP0045/2026
Aplicación orzamentaria	0112/93391/76201
Importe da convocatoria	1.000.000,00 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Mínimo: 30.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder por actuación	Máximo 150.000,00 €
Importe solicitado	Como máximo o 80 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Até o 80% (coeficiente 0,8)
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido no artigo 13 da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Exposición de motivos

A Deputación Provincial da Coruña é consciente da necesidade de actuar de xeito inmediato e mediante a utilización de recursos suficientes para protexer e conservar adecuadamente o extraordinario patrimonio cultural que ten a provincia da Coruña e expresa a súa preocupación pola situación de determinados bens que deben ser obxecto de protección inmediata.

Para iso, considera fundamental aprobar as presentes bases que contribúan a protección, recuperación e conservación do patrimonio da provincia como legado ás futuras xeracións.

O presente programa contempla as actuacións sobre o patrimonio cultural dos concellos da provincia cunha poboación inferior a 50.000 habitantes articulado nunha liña de subvencións para realizar actuacións de salvagarda do patrimonio histórico-artístico cultural cun máximo de 150.000,00 € por actuación.

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destínalle importantes recursos á conservación e valorización do patrimonio cultural, arqueolóxico, arquitectónico e etnográfico. Neste eido, a consolidación e mellora do patrimonio local é un recurso valioso para por en valor o territorio provincial e xerar novos fluxos económicos.

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio aos concellos da provincia que xestionen patrimonio histórico-artístico cultural para o

que necesiten investimento na súa posta en valor.

Deste xeito, apóstase por esta liña de subvencións coa finalidade de realizar actuacións de salvagarda do patrimonio histórico-artístico cultural que no seu conxunto mellorarán a imaxe urbana desas vilas e a súa identidade cultural reforzada coa valorización do patrimonio cultural da provincia da Coruña.

BASES

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña e na seguinte normativa específica:

Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan, en particular ao Obxectivo Estratéxico 1: “Ampliar e mellorar as infraestruturas, equipamentos e servizos da provincia, e promover a actuación supramunicipal” , e ao seus obxectivos operativos O.03 (Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público o de xestión municipal), mediante o apoio directo á dotación de persoal técnico especializado nos servizos municipais de cultura.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

As axudas obxecto da presente convocatoria financian a realización de actuacións no patrimonio histórico-artístico cultural dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña

A contía máxima da subvención non poderá superar os 150.000 € por actuación.

2.2 Ámbito temporal e prórroga

O período subvencionado comprende entre o 1 de xaneiro de 2027 e o 30 de xuño de 2028.

No suposto de que a entidade beneficiaria non teña finalizadas as obras a 30 de xuño de 2028, deberá solicitar antes desta data, unha prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo Director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe pendente de xustificar.

A estes efectos, a ENTIDADE BENEFICIARIA na solicitude deberá indicar as causas da demora na execución das obras, acreditar que as ditas causas non son imputables á ENTIDADE BENEFICIARIA, e xustificar que implican a necesidade de prorrogar o prazo de execución da obra, indicando o prazo imprescindible para a finalización das mesmas.

De considerarse xustificados os motivos aducidos, previos os informes preceptivos, a prórroga do prazo aprobarase por Resolución da Presidencia, polo prazo imprescindible para a finalización das obras.

2.3 Tipos de investimentos

2.3.1.- Tipos de bens sobre os que se poden realizar os investimentos:

Espazos públicos e inmobles con valor histórico-artístico ou cultural ou con valor tipolóxico e etnográfico, e dos elementos integrados nos mesmos, que sexan bens declaradas BIC ou catalogados.

Fican, por tanto, fóra destes programas de actuación os bens mobles. Para eses efectos, cómpre distinguir entre bens mobles e inmobles, sendo bens mobles todos os que se poidan transportar dun punto a outro sen menoscabo da cousa inmoble á que estivesen unidos.

Tampouco se poderá incluír ningún ben que xa estea incluído nalgún ámbito de actuación ou liña de traballo en curso da Deputación da Coruña coma son os parques arqueolóxicos de Compostela Rupestre, Megalitismo da Costa da Morte ou Idade de Ferro do Barbanza, coma son os plans de sustentabilidade turística en destino (PSTD) ou outros programas similares financiados por esta Deputación Provincial.

2.2.2.- Titularidade dos bens

Bens inmobles patrimoniais de carácter público e titularidade municipal.

Bens inmobles dos que os concellos acrediten ter incluido no seu inventario municipal un dereito á posesión ou uso temporal por un mínimo de dez anos dende a data da solicitude da subvención e que conten coa preceptiva autorización ou encomenda do titular do ben para

efectuar a intervención proxectada .

2.2.3.- Tipos de actuacións obxecto da subvención

As actuacións que poden ser subvencionadas ao amparo da presente convocatoria irán destinadas á protección, conservación, reparación e/ou reposición dos elementos integrantes das construcións, e en xeral seran todas aquelas dirixidas á recuperación dos bens inmobles

As ditas actuacións estarán destinadas a consecución de algún dos seguintes obxectivos:

Protección e valorización: aquelas encamiñadas a evitar a desaparición parcial ou total do ben, por atoparse este en risco de sinistro ou ben por constatarse un notable deterioro da súa estrutura.

Reparación: considéranse accións de reparación as necesarias para emendar un menoscabo producido nun ben inmoble por causas fortuítas ou accidentais

Contémplanse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Actuacións de mellora da imaxe urbana sobre o espazo público e a edificación pública en centros urbanos históricos declarados BIC (conxunto histórico, paisaxe cultural) dentro do seu ámbito delimitado como BIC. Así como conxuntos dentro dos ámbitos catalogados doutros centros urbanos e núcleos de identidade litoral.

- Actuacións puntuais sobre un ben (declarado BIC ou catalogado para a súa especial protección, valorización, recuperación e conservación. Incluíndo non só edificación, senón tamén inmobles que sexan elementos da enxeñería como pontes, pontellas, camiños, así como o patrimonio marítimo, peiraos, carpinterías de ribeira,pequenos estaleiros, salgadurías, secadoiros, instalacións para redes e outros, ou mesmo a valorización de xacementos arqueolóxicos sempre que a actuación non se limite exclusivamente á limpeza do xacemento, considerando necesario neste caso incluír significativas actuacións de sinalética e/ou musealización do xacemento para a súa posta en valor.

2.2.4. Exclusións

1. Quedan excluídas as actuacións exclusivamente de limpeza e roza de terreos.
2. .Non serán subvencionabeis os gastos derivados de formalización de escrituras ou contratos conexos, tales como honorarios de redacción de proxectos ou dirección das obras, tributos deivindicados pola obtención de licenzas, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade ou outros. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de proxectos modificados ou liquidacións da obra.

Base 3. Solicitantes

Poderán solicitar subvencións neste programa os concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña que cumpran os requisitos establecidos nestas bases específicas e na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias no momento de presentaren a solicitude.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
211	Construcións
212	Instalacións técnicas
219	Outro inmobilizado material

Base 5. Compatibilidades e exclusións

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Non son compatibles con recursos procedentes do POS+ nin con calquera outra axuda procedente da Deputación.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias.

Os datos persoais facilitados serán tratados pola Deputación da Coruña, como responsable do tratamento, co fin de levar a cabo a tramitación administrativa dos programas de subvención. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Máis información na Política de Privacidade da Deputación.

Cada concello poderá presentar varias actuacións, con solicitude individual por actuación dentro do prazo da convocatoria. En todo caso, cada actuación valorarase de forma independente e individualizada segundo os criterios específicos de puntuación das ofertas.

Base 7. Compromisos e obrigas

7.1.- Ámbito local.

Pertencer á administración local da provincia da Coruña.

7.2.- Obrigas económicas.

Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.3.- Réxime de adscrición e inscrición dos bens subvencionabeis

1. O período mínimo de adscrición á finalidade pública para a que se concedeu a subvención será de 10 anos.
2. Se o ben resulta susceptible de inscrición nun rexistro público, deberá anotarse naquel o período de afectación, o importe da subvención concedida e a afectación do ben ao pagamento do reintegro, no caso de incumprimento da obriga de destino.
3. No caso de que a persoa beneficiaria non sexa a propietaria do inmoble obxecto da actuación subvencionada, deberá contar coa autorización expresa da persoa titular para a realización das obras ou actuacións previstas, así como coa súa conformidade respecto das obrigas derivadas da subvención, en particular as relativas ao destino do ben durante o período de adscrición establecido.

7.4.- Publicidade e difusión do apoio da Área de Patrimonio da Deputación.

Facer constar de xeito visible a colaboración da Área de Patrimonio da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, de redes sociais ou audiovisual) que fixeran das actividades ou investimentos subvencionados, así como na súa páxina web.

Calquera comunicación ou publicación das accións desenvolvidas ou calquera información ou materiais de promoción (coma folletos, carteis ou presentacións en formato electrónico) deberán incluír a marca da Área de Patrimonio da Deputación integrada polo símbolo e logotipo que o acompaña en lugar que destaque axeitadamente.

Os beneficiarios da subvención deberán fixar obrigatoriamente na parte exterior do inmoble, ao comezo da execución das actuacións financiadas e ata a terminación destas, un cartel indicativo das obras a realizar onde figure que se corresponde cunha subvención da Área de Patrimonio da Deputación Provincial da Coruña.

Os beneficiarios das subvencións, deberán asemade sinalar direcionalmente os bens para que sexan de fácil localización cumprindo as tipoloxías, cores e normas en vigor en Galicia.

Comunicarlle á Presidencia da Deputación da Coruña e o Servizo de Patrimonio e Contratación, con carácter previo, a presentación das actuacións subvencionadas e campañas de promoción relacionadas.

7.5.- Transversalidade de xénero.

Incorporar, con carácter xeral, a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, elaborar materiais que fomenten a igualdade, tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

7.6.- Lingua galega.

Utilizar, na comunicación e na produción escrita e oral (cartelería, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) á que dea lugar toda a actividade ou investimento subvencionado pola Deputación da Coruña, a lingua galega (segundo o disposto na Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña, BOP 186 do 29 de setembro de 2017).

7.7.- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.8.- Tramitar os contratos mediante procedemento aberto como regra xeral, nos termos establecidos na lei de contratos.

Non entanto poderán utilizar o contrato menor, no caso de que o o valor estimado sexa inferior a 15.000 € (IVE excluído) nos contratos de servizos ou subministracións, ou inferior a 40.000 € (IVE excluído) nos contratos de obras e de duración inferior a un ano en ámbolos dous casos. Neste suposto deberán solicitar polo menos, tres ofertas de distintas empresas provedoras ou alternativamente, publicar a licitación na Plataforma.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e será aprobada por resolución da presidencia, de acordo co establecido no artigo 22.1 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e artigos 20 a 25 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no que sexa de aplicación.

Terá a consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das subvencións se realiza mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre estas de acordo cos criterios de valoración fixados nestas bases, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obteñan maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Logo de que o Servizo de Patrimonio e Contratación, co carácter de órgano instrutor do procedemento de concesión, teña determinado as solicitudes recibidas e, se é o caso emendadas, que reúnen todos os requisitos regulados nestas bases, someteraas a un **comité técnico de valoración** formado por un mínimo de tres (3) profesionais e expertos con recoñecida traxectoria e prestixio no ámbito do patrimonio histórico, artístico e cultural, que será designado pola Presidencia da Deputación Provincial. En todo caso, o comité estará asistido polos servizos técnicos da Deputación Provincial, con voz pero sen voto.

O comité técnico deberá facer unha valoración e asignación de puntos a cada solicitude, aplicando os criterios establecidos nestas bases, segundo o previsto no apartado anterior.

En función dos puntos asignados, e dentro do límite máximo do crédito dispoñible, a xefatura do servizo instrutor realizará proposta motivada, na que expresará a relación de solicitantes para os que se propón a concesión de subvención e a súa contía, así coma as solicitudes desestimadas, as desistidas e as non admitidas a trámite.

No caso de producirse empate na puntuación mínima para obter a subvención, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes empatadas, primando aquelas que se presentasen con anterioridade e atendendo ao crédito dispoñible.

Exceptúase a obriga de facer a valoración e asignación de puntos de cada solicitude cando o crédito consignado sexa suficiente para atender a todas as solicitudes que reúnan os requisitos polo importe solicitado.

En todo caso, previamente á concesión definitiva da subvención, os proxectos incluídos nas solicitudes propostas para concesión deberán contar con informe favorable de supervisión dlos servizos técnicos provinciais.

8.2 Criterios de valoración

Para a valoración das solicitudes desta convocatoria seguiranse os seguintes criterios:

Grao de relevancia de cada actuación patrimonial	Se asignará a puntuación de acordo co nivel de protección do ben sobre o que se pretende actuar ata un máximo de 30 puntos: - bens BIC, ata 20 puntos - con protección integral, ata 15 puntos - bens catalogados e de acordo co seu nivel de protección, ata 10 puntos - outras singularidades: - -tipoloxías pouco representadas, ata 5 puntos - -as que poñen en valor o ben, ata 5 puntos
Urxencia da actuación	Se lle asignará a máxima puntuación a

**RPT-21603607

	aqueles bens que teñan un risco estrutural (caída, desaparición, etc..) ata 40 puntos: - 0 a 10 puntos: os que traten de evitar riscos para as persoas ou melloren o seu carácter funcional. - 10 a 20 puntos: actuacións sobre elementos singulares. - 20 a 30 puntos: obras de consolidación, restauración, etc… - 10 puntos adicionais que corresponden a outros aspectos urxentes relevantes para a construción: posean valor inmediato sen necesidades de máis actuación, actuacións que melloren a comprensión e interpretación do ben…
Proposta de actuacións:	Até 25 puntos: - Resultado estético onde se valora a integración da proposta, ata 5 puntos. - calidade da memoria técnica presentada con base á idoneidade da solución adoptada, ata 5 puntos. - Adecuación dos materiais construtivos propostos, ata 5 puntos. - Maior grado de innovación das solucións construtivas, ata 5 puntos. - Integración da actuación no medio a na paisaxe, ata 5 puntos.

A avaliación dos criterios sinalados anteriormente realizarase exclusivamente en base á documentación achegada.

Para obter a condición de beneficiario a entidade debe acadar un mínimo de 50 puntos.

Doutra banda, establécese que en caso de empate, atenderase en primeiro lugar á puntuación outorgada á calidade da proposta, en segundo lugar á puntuación relativa á urxencia e finalmente ao grao de relevancia.

8.3 Concesión

Logo da preceptiva fiscalización do órgano interventor, sobre a proposta realzada polo servizo instrutor, a Presidencia da Deputación ditará resolución de concesión definitiva.

Base 9. Xustificación e pago

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

9.1 Prazo de xustificación

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 30 de setembro do 2027, salvo que se teña concedido prórroga.

9.2 Pagamento

As subvencións, salvo nos casos de anticipo, aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

De acordo co establecido no artigo 34 da Lei Xeral de Subvencións e no artigo 27 da Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias da Deputación da Coruña, o pago farase efectivo unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos indicados nas bases reguladoras.

Dadas as características dos destinatarios das subvencións, a contía destas así como a natureza das iniciativas obxecto de subvención, poderá acordarse o pago anticipado da subvención outorgada ata o 50% do importe da subvención concedida, que supoñerá entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

O pago anticipado tramitarase a instancia da entidade beneficiaria polo órgano instrutor.

En todo caso, para poder solicitar pagos anticipados deberá acreditar que se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social..

Logo do preceptivo informe de fiscalización do órgano interventor, ditarase a resolución de aprobación da conta xustificativa ou, se é o caso, de anulación e perda do dereito ao cobro.

Emitida resolución de pagamento, a tesourería preparará a orde de transferencia correspondente a prol da conta bancaria designada pola entidade local beneficiaria no modelo establecido con carácter xeral para todos os pagamentos pola Deputación.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

A constatación do incumprimento dos requisitos necesarios ou das obrigas asumidas como consecuencia da concesión da subvención, así como a falsidade documental, poderá dar

**RPT-21603607

lugar á extinción do dereito ao seu goce ou á modificación da resolución da concesión, ao reintegro das cantidades percibidas e, no seu caso, á incoación do correspondente expediente sancionador conforme ao disposto na Lei 38/2007, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como cantas responsabilidades de todo orde poidan derivarse.

O incumprimento dos prazos na **presentación das solicitudes** de axuda ou da emenda da documentación correspondente se procedese, suporá a exclusión do proceso de valoración para o outorgamento da subvención.

En todo caso, será de aplicación o disposto na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación Provincial da Coruña.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións e compromisos:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos ás entidades solicitantes nas bases reguladoras da presente convocatoria e na Ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehacente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nestas bases..
- A entidade que represento comprométese a adecuarse á normativa xeral de contratación pública que lle sexa aplicable.
- A entidade que represento comprométese a comunicarlles aos servizos técnicos da Deputación, cunha antelación mínima de 15 días, a data da sinatura da acta de recepción e da acta de reformulo, co obxecto de posibilitar a asistencia.

- A entidade que represento comprométese a manter a adscrición dos bens ás fins que motivaron a concesión da subvención, por un prazo mínimo de dez anos.
- A entidade que represento comprométese á obtención de licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico-artístico e do medio, cando sexa necesario.
- No caso de solicitar subvención para unha fase independente da obra, a entidade que represento declara que conta con financiamento suficiente para finalizar a dita fase e que será susceptible de utilización independente.

Documentación:

1. Documento acreditativo da delegación da alcaldía/presidencia, no seu caso, no que se especifique o alcance de dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
2. Certificación acreditativa do acordo de solicitude adoptado polo órgano competente.
3. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
4. Proxecto técnico das actuacións a realizar, redactada e asinada por arquitecto/a ou outras especialidades no marco das súas competencias, que deberá incluír o orzamento desagregado da actuación, no que figurarán separadamente, o importe de licitación, o IVE e a suma total de ambas as cantidades.

   O proxecto conterá a documentación a que se refire o art. 233 da LCSP e será supervisado polos servizos técnicos da Deputación (Servizo de Arquitectura e Mantemento ou Servizo de Asistencia Técnica a Municipios).
5. Certificado da secretaría da aprobación do proxecto técnico polo órgano competente.

6. Xustificante da presentación da solicitude á Dirección de Patrimonio da Xunta de Galicia das autorizacións ou permisos necesarios para levar a cabo a actuación obxecto de subvención.

7. Certificación da secretaría do concello, da inscrición no inventario municipal da propiedade do inmoble, ou do título que lle habilite para a posesión ou uso material deste por un mínimo de 10 anos.

8. No caso de que a persoa solicitante non sexa a propietaria do inmoble obxecto da actuación subvencionada, deberá achegar unha autorización expresa da persoa titular para a realización das obras ou actuacións previstas, na que conste a súa conformidade respecto das obrigas derivadas da subvención, en particular as relativas ao destino do

**RPT-21603607

ben durante o período de adscrición establecido.

9. Declaración doutras subvencións solicitadas/concedidas para a actuación presentada.

10. Certificación da inscrición do ben no catálogo correspondente a nivel autonómico ou local, ou acreditación da condición de BIC.

11. Documento contable de "retención de crédito" ou informe actualizado da persoa interventora de existencia de crédito adecuado e suficiente para a achega municipal prevista.

12. Indicación de calquera outro permiso, autorización e ou procedemento que sexa necesario para a execución do gasto do investimento subvencionado ou outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexa precisa para a valoración da solicitude (pódese incluír na memoria do proxecto).

13. Documentación adicional no caso de fases: No caso de que os investimentos se realizaran por fases, deberán achegar un programa da súa execución onde se indique o número total de fases das que consta o proxecto coas prestacións que se van realizar en cada unha delas, as fases xa realizadas, as que quedan por realizar, e a fase para a que se solicita a subvención. As sucesivas propostas que se formulen deberán numerarse por fases coa indicación das xa executadas. Deberá acreditarse tamén que cada unha das fases subvencionadas son susceptibles de utilización independente.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- Declaro que a entidade que represento deu cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación da xustificación.
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade da entidade.
- No caso en que os gastos subvencionabeis non acaden o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada.

  A xustificación insuficiente poderá dar lugar ao reintegro das cantidades percibidas.

- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento

presenta a xustificación fóra do prazo establecido nas bases da convocatoria, acepta a sanción que corresponde segundo a Ordenanza xeral de subvencións e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

- A entidade que represento utilizou a transversalidade de xénero a través do emprego dunha linguaxe non sexista e inclusiva, e, no seu caso, elaborou materiais que fomentan a igualdade, tratou as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero.

- A entidade que represento utilizou a lingua galega na comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dou lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación da Coruña.

- Que se repetou a lexislación vixente en materia de contratación pública.

- A entidade que represento adscribíu os bens aos fins e intereses que motivaron a concesión da subvención por un prazo mínimo de dez anos e comprométese a manter a dita adscrición.
- A entidade que represento cumpriu coas obrigas e compromisos asumidos na solicitude.

Documentación:

1. Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.

2. Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para o mesmo obxecto, das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto, expedida por quen exerza as funcións financeiras ou de tesourería da entidade local.

3. Relación clasificada dos gastos realizados durante o período subvencionado. Este documento deberá descargarse dende a plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gasto.

4. Certificacións de obra expedidas por técnico/a competente de conformidade co proxecto presentado e as súas correspondentes facturas axustadas ao vixente Regulamento do IVE. (poden incorporarse na relación de gastos).

5. Unicamente se admitirán xustificantes de gastos cuxa data estea comprendida dentro do ámbito temporal da subvención.

6. Certificado da secretaría do concello da aprobación das facturas polo órgano competente.

7. Acta de recepción.

8. Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Área de Patrimonio da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades e investimentos subvencionados.

9. Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

10. Informe final do técnico/a competente que documente as obras efectivamente realizadas, acompañado de fotografías. Neste informe xusticarase que o ben obxecto da subvención se atopa dispoñible para ser destinado ao fin para o que se proxectou a actuación.

11. Acreditación da obtención das licenzas e autorizacións preceptivas para os efectos do cumprimento da legalidade urbanística e do respecto e protección do patrimonio histórico artístico e do medio ambiente.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña.

Segundo. Obxecto

As axudas obxecto da presente convocatoria financian a realización de actuacións no patrimonio histórico-artístico cultural dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia da Coruña

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

A contía máxima da subvención non poderá superar os 150.000 € por actuación.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciarase o día seguinte á publicación da convocatoria, e finalizará ás 14:00 horas do día 21 de febreiro de 2027, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes de la provincia de A Coruña.

Segundo. Objeto

Las ayudas objeto de la presente convocatoria financian la realización de actuaciones en el patrimonio histórico-artístico cultural de los ayuntamientos de menos de 50.000 habitantes de la provincia de A Coruña

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

La cuantía máxima de la subvención no podrá superar los 150.000 € por actuación.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará el día siguiente a la publicación de la convocatoria, y finalizará a las 14:00 horas del día 21 de febrero de 2027, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

**RPT-21603607